

E as palabras voaron coma os peixes

Coma cada vez que asomaba unha raiola de sol, María saíra ao xardín coa pa. Antes de botar os xeonllos á terra decatouse da presenza dunha xoaniña subindo polo talo dunha margarida. Vermella e intensa, mais pequeniña e fráxil, non se merecía ser esmagada polos seus xeonllos. Arrimou o dedo, agarimando os pétalos da flor, e deixou que o insecto subise por el.

–Mamá!

Pablo levaba un anaco observando, paciente, dende a porta da casa. Quería pedirlle... pois, o de sempre; mais non se atrevía. Agora, sen pensalo máis, botara a correr berrando cara ela.

–Mamá, mamá, mamá...–tiraba da camisa da nai.

María contemplou como a xoaniña despegaba dende o seu dedo, escorrentada polos berros, e se perdía entre os rosais. Entón volveuse para mirar ao seu fillo.

–Mamá...–Pablo calou, pestanexou dúas veces e quedou mirando cara ela. Non estaba seguro de se pedilo ou non. Xa levaba moitos e tiña medo de acabalos.

–Dime, –María sorriu. Sabía perfectamente o que quería o rapaz, e facíalle graza esa mirada dubidosa– que pasa?

–Non sei.

–Pois cando saibas, dimo –a nai deu a volta de novo, agochando unha risa, e agarrou a pa que deixara pousada.

O neno marchou correndo. Entrou na casa, subiu as escaleiras de dúas en dúas e entrou na habitación da porta que fala; chamábaa así porque as raias da madeira facían o debuxo dunha cara.

Foi directo á estantería e viu, no andel máis alto, aquilo que buscaba. Unha esquiniña do caderno asomaba cara fóra, coma chamando por Pablo. Pero el sabía moi ben que pasaría se o abría e miraba dentro: "...bórranse as páxinas e todo o que había alí escrito vólvese branco para sempre...", repetíalle a nai. Ela era a única que o podía ler.

Pablo contou ata vinte, deu tres chimpos á pata coxa e dixo o abecedario enteiro dúas veces. Entón sentiuse observado pola porta que fala. Púxose nervioso e xa non puido aguantar máis: baixou correndo xunto á nai outra vez.

–Xa sei –soltou, coa respiración acelerada pola carreira.

María agardou, divertida, a petición.

–Quero que me leas a páxina de hoxe.

–Quérela gastar agora? –respondeu ela, moi seria.

Pablo asentiu coa cabeza.

–Moi ben.

María levantouse e botou a andar cara a casa. Mentres subía, paseniño, os escalóns, Pablo non acougaba. Déralle tempo a subir e baixar tres veces a escaleira cando a nai chegou arriba.

Entraron na habitación da porta que fala e, coma sempre, Pablo sentou no chan. Observou con inquietude como a nai subía á cadeira, agarraba o caderno, pasaba as páxinas e asentía coa cabeza, en silencio. Entón pechouno, deixouno no sitio e sentou no chan tamén.

–Os peixes cren que son gaivotas –exclamou.

Pablo pensou un anaco, pero non entendeu.

–Por que?

María, sen dicir máis, levantouse e saiu. Pablo agardou só, baixo a mirada atenta da porta que fala, cinco minutos que lle pareceron cinco anos. Entón a nai volveu cun caldeiro cheo de auga e deixouno diante do cativo.

–Mira dentro.

Pablo obedeceu, mais non había outra cousa que auga.

–Que ves?

–Nada. Auga.

–Non, mira ben.

O neno non vía nada. Colocouse un pelo que tiña torcido e sacou un moco do nariz, que lle caeu dentro do caldeiro.

–Agora hai un moco.

–Seguro? –a nai ría.

–A ver... –Pablo concentrouse moito moito –Sae o reflexo da miña cara.

–Moi ben! Estás ti. –María asentiu –Agora imaxina que es un peixe e queres verte a ti mesmo. Sobes case á superficie, para mirar o teu reflexo, coma acabas de facer. Que ves?

–Gaiotas!

–Os peixes cren que son gaiotas. –María deixou ao cativo e volveu ao xardín.

Pasaron dez minutos, e Pablo non podía saír da habitación da porta que fala. Outros dez. E entón, subiu á cadeira para chegarlle ao caderno.

Pasou as páxinas e todo era branco.